



# As vacas brúan na madrugada

ELI RÍOS

*Namentres, brúan as vacas, brúan co ventre preñado da brétema.*

Ramón Neto

Eli Ríos *filla de pais emigrantes, nace en terras londinenses* pero logo se traslada a unha pequena aldea de Ordes, onde pasa a súa infancia. As inquedanzas culturais levarana, andando o tempo, a realizar un percurso por lugares da lusofonía como Portugal, Açores, Cabo Verde, etc, até asentarse definitivamente na Coruña. É, entón, cando comeza a publicación da súa obra poética con *nós escotitando o badalo de marienplatz* (Premio Concello de Carral, 2009), *Maria* (Premio Figurante, 2013), *Anamnese* (Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey, 2014), *Doe tanto a túa ausencia* (Certame Francisco Añón, 2014) e *Diario de fotogramas* (2014). Actualmente colabora como crítica literaria na revista dixital *A Segra*.

Tres das catro voces que hai na miña cabeza queren durmir mentres a outra ancia saber se os pingüíns teñen os pés azuis polo frio. E o sono escorrega sen límites polas beiras cambaleando entre as xanelas e as contras. Alí, onde a túa ausencia deixou as marcas sobre os pregos das sabas xa case enxoitas. A soildade faise dona e señora dos tempos, dos que áinda están por vir e deses outros pero... moi a modiño con andares de mico.

*(escóitase a cisterna no andar de cima)*

Tigresa enxertada no vimbio das constelacións murmuradas as lembranzas daquelas corredoiras nas que axotamos os orballos sobre a nosa pel sen importar tanto ou canto nos podían magoar porque nos sabíamos inmortais neste brinquedo que ignorabamos fose romper pola fraxilidade coa que se ferven os sentimentos a lume lento. E cando os anacos se converteron en espellos atopamos doux extraños encerellados entre reflexos descoñecidos.

*(escóitanse pasos no andar de cima)*

As vacas brúan na madrugada, ao lonxe,  
e somos Pedro & Heidi a rolos pola vida.  
*Niebla* relambe as feridas das queirotas  
mentres a herba fresquiña nos acubilla  
entre mil recendos de neve desfollada.  
Tic-tac tic-tac tic-tac tic-tac tic-tac tic-tac  
toc  
O reloxo, as pegadas, a xente, a dor, o sentir e o luar  
róubanme o bico morno que case pouso no teu beizo.  
E maldigo o soño esvaradizo que escorrega entre as molas do colchón.

(chío dun electrodoméstico no andar de cima)

Invoco a Morfeo tentando escapar das maquinacións dos deuses.  
Procuro o sabor dos amorodos  
que se agochan nos teus labios.  
Intento aldrabar os meus ollos  
e recuperar aquela túa mirada.  
Desespero ata o infindo a pena  
porque non son quen de ventearte  
nestas suxestións da oniromancia.  
E foxes entre os meus dedos como pinga de resío antes do abrente...

(son dunha billa e líquido decantando no andar de cima)

O silencio parte en anaquiños  
rebuldeiros que saltimbancan  
os quilómetros dos corredores  
deste edificio gasto e *demodè*.  
O viciño bebe auga nun vaso,  
o gato mia oculto no chineiro,  
alguén roncexa na distancia...  
A fria noite apalpa o Home do Saco e leva os cascallos do que nos resta.  
Mansíñamente... igual que os afundires dos petroleiros azorran a marea.

(clic das chaves da luz no andar de cima)



As dúbidas lampexan como faíscas  
a requichas do segundeiro tebroso.  
Na nosa mesía alumean as horas  
e lembro que xa non é túa, só miña.  
E a folla de barbear rabuña o teito.  
E sinto o noxo asolagando a boca.  
Premendo o intestino até mancar.  
Quizais os mañás perderon o futuro e poidamos convertermos en caranguexos  
para reverter os pasados pendurados no *old oak tree* a canda os *yellow* lazos ...

*(escóitanse pasos no corredor do andar de cima)*

Nix soterra baixo o chal a hipoteca, o despexo, o palier esnaquizado, as facturas sen pagar...  
mentres Hipnos besbexa, na miña orella, cánticos ancestrais roubados ás sereas de San Simón  
e o seu fillo sorri mordaz  
coñecendo o meu medo.  
O terror de apagar a luz,  
quedar a soas cos cachos  
do que nalgún intre fun  
e, hoxe, é pó de sombra  
preso ao pixama de Peter Pan polas perneiras esfiañadas.

*(renixer do traveseiro dunha cama no andar de cima)*

O corpo abala no lusco-fusco da vixilia.  
A realidade some na astenia da fantasía  
no canto onde nace o regato do desexo  
e a esperanza xoga ao tetris coas tebras  
gañando a partida antes de ter comezado.  
O sorriso do pracer bosquexa novos vieros nos que perderse, sixilosamente, e adormezo  
cos pés de fóra memorizando o calor dos teus poros no espeto do onte mentres as raiolas  
do amencer acarifián os calcañares dos calcetíns que me agasallaches no noso aniversario.

*(silencio total no andar de cima)*